

## **ANEXO XIII: PROCEDIMIENTO PARA A TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECIMIENTO, NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO, DE ACTIVIDADES REALIZADAS AO ABEIRO DE REGULACIÓN ANTERIORES AO RD 99/2011**

**PRIMEIRA:** O artigo 20 do RED establece que os cursos, seminarios, estadias e traballos de investigación realizados na etapa de tese e que non formaran parte formativa de programas do Real Decreto 778/1998, do Real Decreto 56/2005 ou do Real Decreto 1393/2007, ou a realización doutros levados a cabo en programas de doutoramento dunha universidade española ou estranxeira, poderán ser recoñecidos polos equivalentes dun programa de doutoramento.

O alumnado que cambie dun programa de doutoramento regulado polo Real decreto 99/2011 a outro programa da mesma regulación poderá solicitar o recoñecemento das actividades realizadas no programa previamente cursado.

**SEGUNDA:** O alumnado solicitará o recoñecemento destas actividades **entre o 2 e o 12 de novembro de 2021, ou entre o 3 e o 14 de maio de 2022**. Deberá presentar a súa solicitude a través da súa Secretaría Virtual, xunto coa documentación xustificativa da realización de ditas actividades, que deberá entregar na área de posgrao onde estea adscrito o programa de doutoramento. Debe indicar no apartado Efecto "Recoñecemento". A Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD) poderá requirir un certificado expreso de que ditas actividades non constitúen parte do período formativo dos programas de doutoramento de orixe.

**TERCEIRA:** Previa comprobación da documentación polas secretarías dos centros de adscrición administrativa dos programas de doutoramento a CAPD emitirá un informe sobre a procedencia de recoñecer ou non ditas actividades e o trasladará á dirección da Escola Internacional de Doutoramento para que emita a correspondente resolución. Dita resolución será emitida antes do 10 de decembro, para o prazo de novembro, e antes do 10 de xuño, para o prazo de maio de 2022.

**CUARTA:** A resolución de recoñecemento será comunicada polo Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, tanto ao solicitante como á secretaría do centro, que incorporará o recoñecemento ao expediente do alumnado e procederá ao seu arquivo.